CIRCUITOS ELÉCTRICOS

Un dos temas de Coñecemento do Medio que demos na clase foi o da electricidade. No corredor do Colexio están expostos os nosos circuitos eléctricos. A idea de facelos partíu da clase cando estabamos a explicar o tema.

Son circuitos sinxelos cunha pila, uns cables condutores, un interruptor e un receptor. Nos nosos circuitos hai receptores moi variados, desde unha lámpada ata un motor que fai xirar un muiño.

Foi moi entretido facer estes circuitos. Non era obrigatorio pero eu tomeino como unha actividade de lecer e non coma un traballo para o colexio. Penso que a mayoría dos circuitos están feitos coa axuda dos país xa que se ven cables soldados e cousas que cos aparellos que se constrúen serían moi perigosas par nós.

Gustoume moitísimo facelo pero iso de unir os cables e pasalos polo interruptor foi un pouco dificil

EN BRASIL

A cultura indíxena

O obxectivo desta actividade foi o de achegármonos á cultura indíxena do Brasil. Así realizouse unha exposición acompañada dunha obra de teatro composta por tres lendas.

Cada unha delas ensinounos aspectos relevantes da cultura indíxena: a imposibilidade do amor, a responsabilidade na vida e o motivo do sol e da lúa de estaren presentes en distintos momentos do día.

Asiste o alumnado de 2º.

A primeira lenda "Sol e lúa" presenta aos dous astro como persoas cotidiáns. Ao contrario do que pensamos o sol e lúa teñen unha vida e nesta fan as súas cousas de xeito natural como cazar e cear.

Na lenda do mono, este animal xurde para aterrar á aldea. Un día, o mono fire a un indio e o seu irmán vai vengalo.

A última lenda fala da dificultade do amor.

MARTA RIVERA DE LA CRUZ

O día 16 de febreiro veu a darnos unha charla a autora do libro "A primeira tarde despois de Nadal".

Marta Rivera de la Cruz é unha persoa con moita capacidade de relación cos nenos, aínda que a maioría das súas obras son dirixidas á adultos.

Comezou falando da súa obra; logo fixémoslle unha serie de preguntas ás que respondeu e, finalmente, asinounos os libros cunha dedicatoria.

"A primeira tarde despois da Nadal" é un libro que fascinou a todos os seus lectores; pola maneira tan sinxela de relatar unha historia que, despois de todo, resultou ser moi interesante; tamén polo tipo de narración, xa que a fantasía, o tema principal, soe captar tanto á mente infantil como á xuvenil.

Marta expresábase de forma clara e a vez divertida, narrando pequenos fragmentos da súa infancia e experiencias persoais que a axudaron a crear a marabillosa aventura.

A escritora proseguíu deixándonos claro a todos os alumnos presentes na conferencia que escribir ben, débese á forma que ten o escritor de entrar na mente dos lectores e facer voar a súa imaginación o máis alto posible. Outro dato moi importante, e tamén fundamental, e que ademais de escribir hai que ler e así comprender a maneira que teñen outros escritores de engatuxar a túa mente.

Chegou o momento das preguntas e todos os espectadores alzaban a súa man para facerlle todo tipo de comentarios curiosos co fin de investigar sobre a súa vida e tamén sobre a súa obra. Contou cousas moi interesantes sobre o seu traballo, a súa forma de escribir, as súas viaxes, en definitiva a súa experiencia sobre a vida.

Ó rematar a conferencia dedicouse a asinar os libros acompañados de fermosas dedicatorias con moito agarimo.

Todos os alumnos agradecémoslle a súa visita ao Centro cun caluroso aplauso que, á súa vez, respondeu cunha simpática